

HORA DE LER NA ESO - CURSO 2023-2024

Establécese unha sesión de 15 min' diaria de lectura libre ou dirixida segundo a planificación que se achega. Todas as materias participan por igual e todo o centro (alumnado e profesorado) lerá á mesma hora.

A lectura farase nos 15 primeiros minutos.

Lectura libre:

O alumnado terá que traer un libro, de preferencia da biblioteca do centro. Non está permitido baixar á biblioteca para coller un libro nesa hora. Terá que ter un libro dispoñible para a Hora de ler.

Lectura dirixida:

O profesor/a pode realizar unha actividade lectora en relación coa materia segundo determine.

A biblioteca de aula conta unicamente con revistas para que chegado o caso de que un alumno/a que acabe a lectura teña outro recurso. Unicamente para aqueles que remataron unha lectura e non para os/as que non a traían.

No caso de que un alumno/a non teña lectura, o profesor/a terá preparado unha fotocopia dun texto da súa elección que o alumno/a deberá ler e resumir por escrito.

Ollo, na Hora de ler non se permite facer deberes. É un tempo adicado á lectura pracenteira e/ou que favorece a comprensión lectora en todas as materias.

Rematada a actividade, o profesor velará por manter a orde da biblioteca de aula.

Haberá un diario de seguimento: se un día non se respecta a hora de ler, non pasa nada, só reflectir no diario cal puido ser a causa (exame, saída, charla, etc....). O/a profesor/a debería determinar cambiar por outro día no seu horario da materia se non pode realizar a Hora de ler segundo o cadro horario.

A Hora de ler está suxeita ás normas de disciplina do centro; polo tanto, calquera falta durante o seu desenvolvemento poderá ser sancionada.

Excepcións: quedará exenta de dita actividade a seguinte materia: **Educación Física.**

Semana	Sesión	Semana	Sesión	Semana	Sesión
1º trimestre		2º trimestre		3º trimestre	
02 – 06 outubro	1ª	11 – 15 decembro	5ª	18 – 22 marzo	5ª
09 – 11 outubro	2ª	18 – 21 decembro	6ª	02 – 05 abril	6ª
16 – 20 outubro	3ª	08 – 12 xaneiro	1ª	08 – 12 abril	1ª
23– 27 outubro	4ª	15 – 19 xaneiro	2ª	15 – 19 abril	2ª
30 – 03 novembro	5ª	22 – 26 xaneiro	3ª	22 – 26 abril	3ª
06 – 10 novembro	6ª	29 – 02 febreiro	4ª	29 – 03 maio	4ª
13 – 17 novembro	1ª	05 – 09 febreiro	5ª	06 – 10 maio	5ª
20 – 24 novembro	2ª	15 - 16 febreiro	6ª	13 – 16 maio	6ª
27 – 01 decembro	3ª	19 – 23 febreiro	1ª	20 – 24 maio	1ª
04 – 05 decembro	4ª	26 – 01 marzo	2ª	27 – 31 maio	2ª
		04 – 08 marzo	3ª	04 – 07 xuño	3ª
		11 – 15 marzo	4ª	10 – 14 xuño	4ª